

*ORDE do 20 de decembro de 2019 pola que establecen as bases reguladoras **das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo** en Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento MR351A).*

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200206/AnuncioG0426-201219-0004\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200206/AnuncioG0426-201219-0004_gl.html)

**Prazo de presentación: ABERTO 07/02/2020 - 06/03/2020**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR351A>

### **BENEFICIARI@S:**

- a) As cooperativas agrarias.
- b) As cooperativas de explotación comunitaria da terra de 5 ou menos anos de antigüidade.
- c) As sociedades agrarias de transformación procedentes da fusión de polo menos dúas explotacións, nos últimos 5 anos naturais. En diante SAT de fusión.

### **INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES**

- a) Maquinaria agrícola.
- b) Estudos técnico-económicos de viabilidade.

Establécese un investimento elixible mínimo de 20.000 € para poder ser subvencionable. O volume total do investimento elixible máximo subvencionable para cada beneficiario será de 250.000 €. No caso de cooperativa procedentes de fusión, en que o número total de socios da entidade fusionada sexa superior a 1.000, o límite máximo de investimento será de 600.000 €

### **CONTÍA ECONÓMICA DAS AXUDAS**

O importe da axuda será do 35 % dos custos elixibles, que poderá incrementarse ata un máximo do 50 % en función da aplicación dos seguintes criterios:

- 1. 5 % no caso de investimentos en zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas recollidas no artigo 32 do Regulamento (UE) 1305/2013.
- 2. 10 % no caso de investimentos colectivos cando o beneficiario procede dunha fusión.

O prazo de xustificación destas axudas remata o 31 de outubro de 2020, inclusive.

Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda.